



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2022

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes reduciuse en Galicia en novembro de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 2,2%; no conxunto de España diminúe un 0,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 7,1% e no Resto de produtos un 1,5%.
- As vendas minoristas aumentan en sete comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 6,7% en Galicia no mes de novembro de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 7,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,8% en Galicia e do 0,9% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en once comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	104,3	-2,2	-2,0
Xeral sen estacións de servizo	102,7	-4,7	-3,9
Alimentación	90,3	-7,1	-6,1
Resto	113,4	-1,5	-2,3

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 2,2% en Galicia en novembro de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 0,8% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 4,7% en Galicia e un 2,5% en España respecto a novembro de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 7,1% en Galicia e un 4,0% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 1,5% en Galicia e aumenta un 0,4% no conxunto do Estado.

Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,0% en Galicia, taxa 2,4 puntos inferior á de España (0,4%). A Alimentación reduce as súas vendas un 6,1% en Galicia e un 1,6% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 2,3% en Galicia e un 0,9% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -2,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en sete comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (5,2%) e Canarias (2,8%).

Os maiores descensos rexístranse en: Castilla – La Mancha (-4,0%) e País Vasco (-3,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2022

Taxas de variación en %



No que vai de ano, oito comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Illes Balears (8,2%) e Canarias (7,2%).


Os maiores descensos rexístranse en Castilla – La Mancha (-3,8%) e País Vasco (-3,2%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 6,7% en Galicia no mes de novembro de 2022, e un 7,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 3,6% en Galicia e do 5,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

5,7% e no Resto de produtos un 2,3%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 9,4% das vendas en Alimentación e do 3,2% no Resto de produtos.



4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,8% no mes de novembro en Galicia e do 0,9% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,0% en Galicia e un 2,3% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en once comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (5,6%) e Canarias (4,0%).

As comunidades onde máis diminúe o persoal ocupado son Aragón (-1,3%) e Asturias (-1,3%).

Nos once primeiros meses do ano, os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (6,7%) e Canarias (4,3%). Asturias é a única comunidade onde decrece o emprego no que vai de ano, -0,4%.

Índice xeral de ocupación. Novembro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	126,6	6,7	10,3	104,3	-2,2	-2,0
Xeral sen estacións de servizo	123,2	3,6	6,8	102,7	-4,7	-3,9
Alimentación	114,1	5,7	3,4	90,3	-7,1	-6,1
Resto	129,8	2,3	9,5	113,4	-1,5	-2,3
España						
Xeral	129,8	7,8	12,7	107,6	-0,8	0,4
Xeral sen estacións de servizo	127,1	5,7	9,5	106,8	-2,5	-1,3
Alimentación	124,8	9,4	8,5	98,7	-4,0	-1,6
Resto	128,7	3,2	10,3	114,7	0,4	-0,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	126,8	6,3	10,1	104,6	-2,5	-1,9
Xeral sen estacións de servizo	123,3	3,8	6,9	102,7	-4,9	-3,8
Alimentación	118,2	5,7	3,4	93,7	-7,4	-6,1
Resto	127,5	2,8	9,3	111,6	-2,0	-2,2
España						
Xeral	128,1	6,9	12,8	109,1	-0,6	0,5
Xeral sen estacións de servizo	124,7	5,1	9,6	107,9	-2,5	-1,2
Alimentación	126,7	9,0	8,4	101,3	-3,6	-1,7
Resto	123,8	2,6	10,6	115,6	0,5	-0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	129,8	7,8	12,7	107,6	-0,8	0,4
Andalucía	125,5	5,9	11,7	104,6	-2,6	-0,4
Aragón	127,7	7,1	12,1	105,2	-1,7	-1,2
Asturias	116,3	7,7	9,5	97,2	-0,6	-2,6
Balears, Illes	123,6	12,9	20,9	103,5	5,2	8,2
Canarias	130,6	11,2	18,5	109,3	2,8	7,2
Cantabria	121,8	9,4	12,9	100,0	0,7	0,9
Castilla y León	120,3	10,5	14,9	97,7	0,6	1,1
Castilla-La Mancha	126,4	5,7	10,1	102,3	-4,0	-3,8
Cataluña	121,8	6,6	12,4	100,1	-1,7	0,2
Comunitat Valenciana	129,0	8,6	12,7	108,5	0,6	0,4
Extremadura	115,9	8,7	14,4	96,5	0,1	1,9
GALICIA	126,6	6,7	10,3	104,3	-2,2	-2,0
Madrid	159,0	9,2	13,3	133,1	1,0	1,5
Murcia, Región de	124,3	7,4	11,1	103,6	-1,7	-1,3
Navarra	124,2	9,1	12,2	100,8	-0,4	-0,8
País Vasco	124,5	4,2	8,4	102,7	-3,8	-3,2
Rioja, La	127,9	8,3	11,8	105,5	-0,5	-1,1
Ceuta	99,7	10,5	7,8	83,3	1,2	-3,0
Melilla	90,2	5,6	3,6	74,7	-3,0	-7,3

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,1	1,8	3,0
Xeral sen estacións de servizo	105,7	1,7	3,0
España			
Xeral	105,3	0,9	2,3
Xeral sen estacións de servizo	105,2	0,8	2,3

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,3	0,9	2,3
Andalucía	102,5	1,0	3,3
Aragón	104,5	-1,3	0,6
Asturias	102,1	-1,3	-0,4
Baleares, Illes	110,2	5,6	6,7
Canarias	107,9	4,0	4,3
Cantabria	102,5	-0,8	2,3
Castilla y León	105,0	-0,3	1,5
Castilla-La Mancha	104,7	2,8	2,3
Cataluña	103,4	0,4	2,0
Comunitat Valenciana	110,9	0,7	1,5
Extremadura	106,6	3,8	3,5
GALICIA	106,1	1,8	3,0
Madrid	105,4	-0,7	1,6
Murcia	103,4	-0,4	0,7
Navarra	103,5	0,9	1,9
País Vasco	107,4	2,2	2,1
Rioja, La	108,9	2,7	2,9
Ceuta	101,4	2,4	1,1
Melilla	101,3	2,4	1,1

Fonte: INE